

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 9 DE MARZO DE 2009.**

### **ASISTENTES:**

#### **ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **CONCELLEIROS:**

D. José M. Balseiro Canoura

D<sup>a</sup>. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 19 horas do día nove de marzo de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE 12 E 31 DE XANEIRO DE 2009. ADOPCION DE ACORDO.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular os borradores das actas plenarias de 12 e 31 de xaneiro de 2009.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-los

borradores das actas plenarias devanditas.

### **2º.- EXPEDIENTE Nº 3/2009 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO DE 2009 POR IMPORTE DE 188.000€. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Especial de Contas de data 5 de marzo de 2009, que a seguir se transcribe literalmente:

*“Polo Sr. Alcalde, explicase brevemente as razóns que xustifican na súa opinión a aprobación do expediente de modificación de crédito do epígrafe, salientando o carácter complementario e mesmo necesario da obra que se vai financiar con cargo os 188.000 Euros que acada a modificación proposta, coa execución da obra de ampliación do paso subterráneo da vía de Feve, que se vai executar con cargo ó Fondo Estatal de Investimento Local, de maneira que coas dúas obras se mellore substancialmente as comunicacións de toda a parte sur do Concello.*

*Polo Sr. Pernas Rodríguez maniféstase que a execución da obra de ampliación do tramo de estrada entre o paso subterráneo da vía de Feve e a estrada autonómica é unha obra necesaria e urxente, razón pola cal vai votar favorablemente a tramitación do expediente de modificación de créditos do epígrafe.*

*Rematado o debate, a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitín Guerreiro e Pernas Rodríguez, acordan ditaminar favorablemente a aprobación do expediente de modificación de créditos do epígrafe, por parte do pleno corporativo.*

*Os Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, abstéñense manifestando que se pronunciarán no Pleno.”*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde reitéranse as explicacións e argumentos que na súa opinión xustifican a execución da obra a financiar cos 188.000 Euros que constitúen o importe da modificación de crédito que se somete a aprobación plenaria.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que vaise abster na votación porque considera que o custo da obra é enorme, e ademais non resolve plenamente o problema do acceso á zona sur do Concello, desde a estrada xeral.

Remata a súa intervención o Sr. Bouza, manifestando que con preto dos 500.000 Euros que se van inverter na ampliación do paso soterrado da ría de FEVE e na mellora do vial de titularidade municipal, poderíase chegar a un acordo coa Deputación Provincial para mellorar e acondicionar na súa totalidade o vial que vai de Vila a Monte por Valcarría, solucionando deste xeito as comunicacións desa parte importante do noso Concello.

Polo Sr. Alcalde manifestase que dende hai tempo a ampliación do paso soterrado da vía de FEVE e a mellora dos accesos da zona sur do Concello por Regonsanguento, constitúe unha petición practicamente unánime de tódolos veciños, por considerar que o entronque coa estrada xeral está moito mais preto do casco urbano de Xove que o acceso por Vila.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que o Grupo de Goberno non ten ningún problema en solicitar, e así o está facendo día tras día á Deputación Provincial, a mellora ou tan sequera o mantemento dos viais da súa titularidade, pero é necesario por de manifesto que a actitude da Deputación Provincial neste tema está a ser absolutamente negativa, como o demostra o feito de que dúas obras programadas e con financiamento de fondos europeos xa comprometido, foron anuladas pola Deputación.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que vai votar a favor, porque aunque a obra ten un elevado custo, e certo que é unha obra demandada desde fai tempo pola maioría dos veciños.

Polo Sr. Pernas Rodríguez reitéranse os argumentos manifestados na Comisión de Contas, que xustifican o voto favorable do seu Grupo.

Rematado o debate o Concello Pleno cos votos favorables dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage e Ben Fernández, e abstención do Concelleiro Fernández Bouza, acorda aprobar inicialmente a modificación de crédito nº 3/2009 do vixente orzamento municipal, por importe de 188.000 Euros, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio a insertar no Boletín Oficial da Provincia, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de reclamacións ou alegacións durante o trámite de información pública, suporá a elevación a definitivo do presente acordo de aprobación inicial.

### **3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. APROBACIÓN INICIAL, ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Especial de Contas de data 5 de marzo de 2009, que a seguir se transcribe literalmente:

*“Polo Sr. Alcalde dáse conta á Comisión da proposta do epígrafe, salientando que a exención para vehículos de carácter histórico é unha vella petición por parte de algúns veciños que son*

*propietarios desta clase de vehículos cuio mantemento e restauración merecen o apoio municipal, engadindo que dende o punto de vista dos ingresos municipais, a incidencia será mínima.*

*Polo Secretario Municipal manifestase que na proposta da Alcaldía tamén figuran outras 2 modificacións que teñen un carácter meramente técnico, unha delas consecuencia directa do convenio de recadación formalizado coa Deputación Provincial, e outra cuio obxecto é decidir con rigor a documentación xustificativa do grao de minusvalía para solicitar e obter a exención prevista na Lei.*

*Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que considera razoable a proposta de Alcaldía do epígrafe.*

*Rematado o debate, a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitín Guerreiro e Pernas Rodríguez, acordan dictaminar favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica nos termos reflectidos na proposta de Alcaldía, por parte do Pleno Corporativo.*

*Os Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, abstéñense manifestando que se pronunciarán no Pleno.”*

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Regulamentadora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, nos termos reflectidos na proposta de Alcaldía do epígrafe, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a insertar no Boletín Oficial da Provincia, e no Taboleiro Municipal de Anuncios, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de reclamacións ou alegacións durante o trámite de información pública, suporá a elevación a definitivo do presente acordo de aprobación inicial.

#### **4.- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN E REFUNDICIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO, FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓN ANEXAS, E DA ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E INSTALACIÓN ANEXAS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Especial de Contas de data 5 de marzo de 2009, que a seguir se transcribe literalmente:

*“Polo Sr. Alcalde explícase brevemente o obxecto e xustificación da proposta do epígrafe, salientando que dunha banda era necesario refundir nun solo texto unha normativa que na actualidade estaba dispersa en 3 regulamentos e unha ordenanza fiscal e doutra banda, era necesario dar cobertura legal á figura do socio familiar reservada como consecuencia da capacidade limitada da piscina municipal e instalacións anexas (fundamentalmente ó ximnasio e a sala de masaxismo), a os veciños de Xove; aproveitando para efectuar unha mínima modificación da contía das taxas que levaban sen ser actualizadas máis de 4 anos, e que seguen sendo con diferenza, as máis reducidas de toda a comarca.*

*Rematado o debate, a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, e Meitín Guerreiro, acordan dictaminar favorablemente a aprobación da modificación e refundición do regulamento de réxime interno, funcionamento e utilización dos servizos da Piscina Municipal e instalación anexas, e da Ordenanza Fiscal Regulamentadora da Taxa pola Prestación do Servizo de Piscina Climatizada Municipal e Instalación Anexas nos termos reflectidos na proposta de Alcaldía, por parte do Pleno Corporativo.*

*Os Sres. Fernández Bouza, Ben Fernández e Pernas Rodríguez abstéñense manifestando que se pronunciarán no Pleno. ”*

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a modificación e refundición do regulamento de réxime interno, funcionamento e utilización dos servizos da Piscina Municipal e instalación anexas, e da Ordenanza Fiscal Regulamentadora da Taxa pola Prestación do Servizo de Piscina Climatizada Municipal e Instalación Anexas nos termos reflectidos na proposta de Alcaldía, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a insertar no Boletín Oficial da Provincia, e no Taboleiro Municipal de Anuncios, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de reclamacións ou alegacións durante o trámite de información pública, suporá a elevación a definitivo do presente acordo de aprobación inicial.

#### **5º.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2008. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da Liquidación do orzamento do exercicio 2008, aprobada por Decreto de Alcaldía de data 15 de xaneiro de 2008, e incorporada ó expediente da Conta Xeral, do devandito exercicio económico, informada favorablemente pola Comisión de Contas de data 13 de febreiro de 2009.

O Concello Pleno dáse por enterado.

#### **6º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, VERBO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Concelleiro Sr. Fernández Bouza, dáse lectura á moción do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

*“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.*

#### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*O 8 de marzo, a conmemoración do Día Internacional das Mulleres, é unha data que as organizacións sociais comprometidas na defensa dos dereitos das mulleres, lembran cada ano para procurar marcar un paso adiante neste camiño.*

*Tamén está presente nesta data a homenaxe ás 129 mulleres que morreron nunha fábrica téxtil dos Estados Unidos en 1908, cando estaban facendo unha folga, en defensa dos seus dereitos como traballadoras, e o empresario prendeu lume aos locais da fábrica con elas dentro. Dise que a cor das teas que estaban cosendo era violeta e tamén que o fume que saía da fábrica ardendo era violeta e que se podía ver a quilómetros de distancia.*

*Este ano veñen á nosa memoria especialmente os dereitos laborais das mulleres. Nestes momentos de crise económica que está vivindo a nosa sociedade, a defensa dos dereitos laborais das mulleres faise imprescindible ante o fracaso das políticas económicas ultraliberais defensoras do mercado libre sen ningún control público, que afectan ao mercado laboral e que ameazan coa redución de postos de traballo que sen dúbida vai incidir de maneira particular sobre o emprego feminino, que adoita ser un emprego marcado pola precariedade e sen a cobertura suficiente ante o desemprego.*

*Esta é a razón pola que desde o BNG vemos como necesidade prioritaria amparar con diñeiro público as medidas de cobertura de desemprego para as mulleres, dada a situación laboral que*

*padecen as mulleres galegas ao desenvolver a súa actividade en sectores laborais caracterizados pola precariedade e que por tanto van acusar en maior medida a recesión económica deste tempo.*

*A feminización da pobreza, marcada no noso país por esta precariedade laboral que moitas mulleres padecen por non ter alternativas laborais de calidade, e a consecuente volta ao ámbito privado das mulleres que perdan o seu emprego, vai incidir inevitabelmente na súa autonomía persoal, ligada á económica, e vai supor un retroceso no proceso de construción da liberdade persoal e social das mulleres.*

*O lugar que asigna o patriarcado e o capitalismo ás mulleres é este, o do privado, porque xa lle ten dado bos rendementos económicos, mentres tanto prívase ás mulleres da autonomía persoal que é fundamental para a realización plena dos dereitos de cidadanía nunha sociedade democrática.*

*Desde o BNG analizamos esta situación de crise económica desde unha óptica nacional e feminista. Queremos prever as consecuencias para as mulleres galegas deste momento de inestabilidade económica e sabemos que só desde unha óptica nacional e con perspectiva de xénero, poderemos achar as saídas.*

*Esta óptica nacional e feminista que nós propoñemos precisa de que Galiza conte canto antes cun Estatuto de Nación. O Estatuto que Galiza necesita debería servir de base para os instrumentos políticos e financeiros que nos permitisen exercer o noso autogoberno nacional en beneficio das galegas, para intervirnos na vida social e económica e poder formular un modelo de desenvolvemento económico propio e acaído á realidade das mulleres galegas, moi necesario nestes tempos de crise. Con máis poder político, máis instrumentos para erradicar as discriminacións de xénero.*

*O Novo Estatuto de Nación debería incluír un catálogo de dereitos e deberes no que os dereitos sociais e políticos das mulleres estiveren presentes. Este catálogo de dereitos e deberes é fundamental para construír unha democracia de calidade na que se contemple o dereito á conciliación da vida laboral e familiar coa obriga dos poderes públicos de contribuír a ela, para que non queden conculcados os dereitos laborais e sociais das mulleres, e se chegue a implicar desde a corresponsabilidade nas tarefas de coidado aos homes.*

*As competencias para Galiza en materia laboral permitirían establecer controis de xénero nas empresas: se dotásemos de máis medios a inspección de traballo e seguridade social, e a enfocásemos cara os sectores de ocupación feminizados, poderíase avanzar no control e protección da situación laboral das mulleres, do mesmo modo que se asumísemos todas as funcións e servizos relacionados coa agricultura, poderíase avanzar nas políticas de promoción do traballo das labregas.*

*Un Novo Estatuto de Nación incorporando as competencias exclusivas en Igualdade, é fundamental para aplicar o principio de igualdade de trato e garantir o acceso das mulleres aos dereitos sexuais e reprodutivos, o dereito a decidir sobre o propio corpo, e a seguridade e atención no caso de padecerem a violencia de xénero. Coa asunción das competencias en materia de demarcación xudicial, poderíanse tamén crear os xulgados exclusivos de xénero que precisamos, nas cidades galegas.*

*Os dereitos de plena cidadanía das mulleres deberían estar recollidos no novo Estatuto de Nación, que suporía a oportunidade para as mulleres de avanzar na igualdade real. A acción dos gobernos, tanto a articulada a nivel nacional como desde os concellos, terá que dirixirse a evitar*

*a saída das mulleres do mercado laboral, porque isto supón un retroceso nos dereitos sociais das mulleres, e a evitar a feminización da pobreza, comprometendo a sociedade civil e o tecido empresarial nesta tarefa.*

*Nestes momentos o compromiso coa igualdade faise máis necesario, porque non é posíbel unha sociedade xusta se son conculcados os dereitos de cidadanía das mulleres.*

*En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

#### *ACORDO*

- 1. Asumir por parte da corporación municipal que as políticas de igualdade do goberno municipal teñen carácter transversal e se deben implicar nelas todas as áreas.*
- 2. Comprometerse para a preservación do emprego feminino e no traballo contra a feminización da pobreza a través do establecemento de medidas de contratación específicas para as mulleres.*
- 3. Promover activamente o asociacionismo feminino e a participación das mulleres na vida política e social sen esquecer o colectivo de mulleres inmigrantes.*
- 4. Garantir que todas as organizacións que reciban subsidios do Concello adopten prácticas non discriminatorias e o recollan explicitamente nos seus documentos.*
- 5. Valorar e primar que todas as organizacións, empresas ou entidades que reciban financiamento público a través de contratos ou servizos adopten prácticas non discriminatorias e estas se recoñezan a través dun plan de igualdade específico. Facer pública a adopción deste criterio.*
- 6. Dotarse desde o Concello dos servizos públicos que atendan o traballo do coidado que as mulleres realizan de modo gratuíto e que favorezan outras opcións para a vida persoal das mulleres.*
- 7. Diseñar políticas de corresponsabilidade para implicar os homes nas tarefas de coidado. ”*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que o seu Grupo está de acordo coa parte dispositiva da proposta de acordo reflectida na moción transcrita, entre outras cousas porque a maioría, por non decir todas as peticións que se plantexan, xa están resoltas a través das iniciativas promovidas pola Concellería de Servizos Sociais, de feito, o Plan Municipal para a Igualdade de oportunidades entre Homes e Mulleres en vigor neste Concello, inspirouse na súa elaboración no principio fundamental de “Mainstreaming” que consiste en promover a defensa e garantía do principio de igualdade entre Homes e Mulleres en todas actividades e políticas, a todos os niveis, con un carácter transversal.

Por outro lado, dende o Servizo Municipal de Desenvolvemento Local, estase a traballar pola integración laboral das mulleres e pola súa formación, tendo en conta as preferencias persoais, a dispoñibilidade e as posibilidades de inserción na zona, ademais dos servizos de información, orientación e xestión administrativa necesarios para acceder ó mercado laboral que desde dita oficina municipal se prestan a todas as mulleres deste concello, e mesmo de concellos limítrofes que non dispoñen nos seus cadros de persoal da figura do Axente de Desenvolvemento Local.

Igualmente compre sinalar que un dos obxectivos do plan de igualdade de oportunidades municipal (PIOM) é fomentar o asociacionismo feminino (incluíndo as mulleres inmigrantes) de feito,

dende os departamentos municipais de Servizos Sociais e Educación familiar, estase a traballar pola integración na nosa comunidade das mulleres inmigrantes, mediante a consecución duns obxectivos básicos como son o dominio do idioma e o coñecemento de códigos de interrelación social ( nalgúns casos tan diferentes da súa cultura de orixe); neste sentido dáse a circunstancia que o colectivo de mulleres inmigrantes existente na actualidade no noso Concello ten unha composición moi diversa (8 procedentes de Portugal; 5 procedentes de Marruecos; 4 procedentes do Brasil; 2 da Republica Dominicana; 1 de Rumanía e 1 de Chile).

Igualmente, desde o Concello dáse cumprimento e exítese a aplicación do disposto na Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Por último, compre sinalar en relación co fomento das políticas de corresponsabilidade, que desde o Concello e en colaboración co Servizo Galego de Igualdade, está prevista ( a título de exemplo), a celebración dun obradoiro cuio obxectivo é precisamente concienciar á mocidade do noso Concello da importancia da coeducación e corresponsabilidade en materia de igualdade de xénero.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que se ben, como xa dixo, está de acordo coa parte dispositiva da moción, nembargantes quere facer constar que o seu Grupo non está en absoluto de acordo coa referencias que na introducción da moción fai o BNG a un futuro Estatuto da Nación en lugar de falar do Estatuto de Autonomía actualmente en vigor, considerando que os acordos en favor da integración e da igualdade da muller non poden ser utilizados para debates ideolóxicos que non veñen ó caso.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que a consideración de Galicia ou Galiza coma unha nación con capacidade propia e independente para resolve-los seus problemas é unha cuestión irrenunciable para o BNG.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo non ten inconvinte en aproba-la moción presentada, aínda que considera que esa referencias ó Estatuto de Nación están fora de lugar e que a visión absolutamente negativa que se desprende do texto da moción, pouco ten que ver coa realidade actual na que a muller, afortunadamente, compite en plenas condicións de igualdade en numerosos ámbitos da vida social e laboral.

Remata o Sr. Pernas Rodriguez a súa intervención, animando ó Grupo de Goberno para que prosiga e se cadra, potencie as políticas sociais que xa dende o anterior grupo de goberno municipal se iniciaron e que tantos beneficios está a reportar ós sectores mais necesitados do noso Concello.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que vai votar a favor da aprobación da moción.

Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcritos.

### **7º- ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Sr. Fernández Bouza preguntase se xa está rematada a obra da Ruta dos Muíños.

*Polo Sr. Alcalde contestase que unicamente resta por colocar a sinalización e o mobiliario (xa acopiados) nun pequeno tramo, que resultou anegado polas fortes choivas do pasado mes.*

Polo Sr. Fernández Bouza preguntase cando volverán a funcionar os semáforos do cruce dos camiños da estrada que vai a Monte polo Sur e a Sumoas polo Norte,coa estrada xeral.

*Polo Tenente de Alcalde, Sr. González Álvarez contestase que debido ós continuos cortes de suministro, provocados polo temporal do 23 de xaneiro queimouse o cadro dos semáforos e por ser un modelo obsoleto, xa non hai repostos para o mesmo.*

*Engade o Sr. González Álvarez que polo Concello xa se está a punto de recibir uns cadros novos, que contan con sensores de proximidade, de xeito que se poida mellora-la fluidez do tráfico no devandito cruce.*

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e dez minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo